# PROGRAMA

## DA
## XXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS



**www.xiria.org/mostra**

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 2



# Teatrapo







DOMINGO



# Domingo, 1 de xullo

Actuación previa á Mostra

## 23:00 h.
## Xardíns do Señal e Rúas

**TEATRAPO**

EXTREMADURA

***ECLIPSE***

**Espectáculo itinerante de cabalgata con distintas accións previstas ao longo do percorrido. Inclúe un velocípedo que tansporta os elementos técnicos de son, estructuras moveis un sorprendente animalario, efectos visuais e pirotécnicos. Unha coidada estética que complicita co espectador.**

DOMINGO

Luns



Luns

21:00 h.
Xardíns do Señal

## AS SIRCOPATAS

GALICIA

### *A.P.A.C.HOR.RA*

**No 1972, tres dos mellores exbailarins do musical de Nacho Cano, aos que as súas familias lles retiraron o saúdo, foron apartados dos escenarios por non seguir os cánones estéticos do artista. Non tardaron en decatarse de que no parchís tódalas cores son primarias, agás o verde. Tras esta inxustiza, decidiron adica-las súas vidas a loitar contra o mal gusto alá onde estivese.**



22:30 h.
Auditorio Municipal

## PREGÓN INAUGURAL A CARGO DE

## *MANUEL F. VIEITES*

**Manuel Francisco Vieites García. Natural de Vigo de Lorbé, concello de Oleiros, A Coruña. Estudou filoloxía en Santiago e traballou como profesor de ensino secundario no IES Politécnico de Vigo. Participou na creación de Teatro de Ningures e Kalandraka Teatro. Na actualidade é o Director da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Coordina a Biblioteca de Teatro da Editorial Galaxia amais de ser o Subdirector da prestixiosa revista *ADE/Teatro*. Ten publicados diversos libros sobre pedagoxía teatral e sobre teoría e historia do teatro. Exerce a crítica literaria en *Faro da Cultura*.**

L U N S

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 8









## 22:30 h.
## Auditorio Municipal

### A FACTORIA TEATRO

GALICIA

### *CASTRONÓS: O BAILE*

***Director:*** **Xan Cejudo Alvaro.** ***Directora movemento escénico e Coreografía:*** **Olga Cameselle.** ***Interpretes:*** **Pepa Barreiro, Rocío González, Toni Salgado, Alfredo Rodríguez, Olga Cameselle Marcos Correa, Carmela Bueno, Pepa Yáñez, Gastón Matías, Fernando Lamas, Jesús Iglesias e Julio Andrade.**

**Este espectáculo** ***ten como obxectivo suxerir*****, a través da historia da música lixeira en Galicia e dos seus bailes, unha visión da historia na vida cotía dos clientes e empregados dunha sala de baile. É unha viaxe ao longo dos cen últimos anos sociopolíticos e culturais de Galicia. Un repaso ao máis senlleiro e identificativo da nosa realidade como país a través de sete tipos-personaxes no eido ficcional, que contrapoñen as súas experiencias como personaxes, ás situacións históricas que tiveron lances importantes na construcción de Galicia.**

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 10



LUNS

## Xornada de Eutonia

### Luns 2 de Xullo

De 10:00 a 14:00 h.

e de

17:00 a 20:00 h.

Salasón

**XORNADA**
**DE**
**EUTONIA**

**Inscripción gratuita no Salasón**



MARTES

## R.G.T.

### Martes 3 de Xullo
20:00 h.
Salasón

**Presentación do nº 51**
**da R.G.T.**
**Revista Galega de Teatro**




**Representación do texto *Belicousario***
**de Manuel Lourenzo**
**por alumn@s de Casa Hamlet**

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 12



# Fredi





Espectáculo Patrocinado por

FRIGORIFICOS DEL MORRAZO S.A.





## 21:00 h.
## Praza das Pontes

**FREDI**

GALICIA

**CIRCANELO**

***Actor:*** **Alfredo Pérez Muíño**

**O teatro xestual, danza, acrobacia, malabares e outras disciplinas circenses como o mimo combinanse para crear una historia absurda, tola, sobre un artista coa intención de presentar o seu número a toda costa; e demostrar o seu amado público do que é capaz.**

**No intento, ésta personaxe encontrarase cun montón de trabas que solucionará dunha forma un tanto particular, axudado, en ocasións, por a participación do público e dentro dun marcado rexistro clownesco.**

**Obra gañadora do Festival Internacional de Clown (Festiclown 2006)**

MARTES





## 23:00 h.
## Auditorio Municipal

**TREATRO CORSARIO**

CASTILLA-LEÓN

**Maiores de 18 anos**

### *AULLIDOS*

***Autor e director:*** **Jesús Peña**

***Actores manipuladores:*** **Teresa Lazaro, Olga Mansilla, Sergio Reques.**

***"Aullidos"*** **é un espectáculo de títeres para adultos inspirado nos contos de fadas no que a fantasía, o erotismo, e o humor negro acadan cotas difíciles de imaxinar, con bonecos de gran tamaño e incrible realismo. Teatro visual e divertido.**

***SINOPSE:*** **A nai de Talía foi posuída por demos e axustizada pola inquisición . Para protexer á sua filla dos homes, volveu como fantasma, durmiuna cunha agulla e quixo vixiar para sempre o seu sono debaixo do mar.**

MARTES





## Durante todo o día
## 16 intervención en diferentes puntos de Cangas

**VANESA SOTELO**

GALICIA

***DNZND***

**Esta proposta busca ser unha peripecia individual arredor da enerxia física e o seu deterioro. Coma se dunha xornada laboral se tratase, ao longo de 8 horas *DNZND* levará o mevemento a rúa ampliando o escenario da Mostra e infiltrando a presenza do teatro na cotidianidade do cidadán. *DNZND* quere deixar a pegada nos diferentes rincóns da vila. A adaptación aos distintos contextos, a metereoloxia ou a luz natural unha constante da peza, que lonxe de quedarse no reto fisico o unha creación de imaxes busca servir coma elemento crítico poñendo o seu acento sobre rincóns esquecidos ou problemáticos da anatomia urbana. Asi entre os lugares escollidos anotamos: Auditorio, palco da música, atrio, xardins de Soage, xardíns do Señal, paseo Rodeira, praia Rodeira, ruinas Massó, casetas mariñeiros, dique, estación marítima, obra, casa con patin, paso de peóns, praza aparcamento.**

MÉRCORES

M É R C O R E S





## 21:00 h.
## Auditorio Municipal

## LA PERA LLIMONERA

### GRIM, GRIM
### O LOBO NIEVES Y LOS SIETE CERDITOS

**OBRA**

***Dirección:*** **Toni Albá**
***Actores:*** **Pere Romagosa, Pere Casanovas**

**A compañía *La Pera Llimonera* a partir do xogo teatral de xoglares, clowns e bufóns e utilizando a improvisación como base crea os seus espectáculos cun estilo propio, donde os textos sinxelos e directos cheos de xogos de palabras, complementados có xesto e a imaxe son as claves para chegar ao público. Neste espectáculo a compañía plantexanos que pasaría se dous actores da mesma compañía, xusto a hora de empezar a representación e mentras o público se acomoda nas súas butacas, empezaran a discutir sen porse dacordo sobre que historia ou conto van a escenificar.**

M É R C O R E S

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 20





# Markeliñe











MÉRCORES

## 23:00 h.
## Praza das Pontes

**MARKELIÑE**

PAIS VASCO

## *CARBÓN CLUB*

**José, xoven mineiro, camiña polas galerías da mina coma unha anima perdoda, é un viaxeiro sentimental, leva no seu corazón as persoas que formaron parte da súa vida: a súa noiva, os amigos, a familia, o patrón... Cama un fantasma errante no interior da mina, percibe o fondo da galería unha luces de neón e escoita unha canción que soa: e o "*Carbón club*" o club do pico e da barrena donde os mineiros, mortos e vivos, contan as súas fazañas a ritmo de cabaret.**

**Carbón Club é unha metáfora da propia vida aberta a diversas reflexións: o valor da amizade, o destino tráxico, a carraxe vital,a terra profunda, as guerras pretas, e as reivindicacións comúns. Pero sobre todo é unha homenaxe chea de admiración a esos herois anónimos que deron a súa vida desempeñando un traballo digno e penoso. Asi unha lenda mineira di: "É tal a escuridade da mina que ata as sombras perden os seus donos".**








24:00 h.
Salasón

**FIANDOLA**

GALICIA



## 21:00 h.
## Praza das Pontes

**ALMACABRA**

GALICIA

***REBAMBIMBA***

***Reparto:***
**Yolanda Paz, Patxi Rodríguez y Susana Moreno**
***Dirección:***
**Pablo Sánchez**
**Unha historia diferente, quizais especial, seguramente fantastica ou ó mellor unha historia mais.**
**As irmáns Bimbala e Bámbola loitaran polo amor do trotamundos Renato no medio dos seús propios desexos.**

XOVES

## Jango Edwars e Peter Ercolano












23:00 h.
Auditorio Municipal

## JANGO EDWARS E PETER ERCOLANO

ESTADOS UNIDOS-ITALIA

### *CLASSIC DUO*

**Os Classics de Jango Edwars e Peter Ercolano son unha selección dinámica de mimo cómico e cancións, escollidas en función do ambiente e da situación particular da representación, entre unhas doce horas das dúas mellores representacións do artista. Inclúe xéneros como mimo, danza, maxia, cancións, acrobacias, música, comedia, cabaret, poesía, malabares, títeres...**





24:30 h.
Salasón

## PRODUCCIÓNS BACANA

LUGAR DE GALICIA

## *HENDAYA MON AMOUR*

***Actores:* Cesar Goldi *como PACO*, Xúlio Abonjo *como FITO***

**A meirande historia de amor endexamais contada**
**O 23 de Outubro de 1940 no punto límite entre as conquistas militares do Terceiro Aich e España tivo lugar un encontro...**
**O musical no que o amor acaba co fascismo**

Entrada 2 €

X O V E S

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 30





VENRES



Venres, 6 de xullo



## 19:00 h.
## Salasón

### ETELVINO VÁZQUEZ

### *EL TIEMPO INMOVIL*

**Presentación do Libro *El tiempo inmovil***




VENRES

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 32









VENRES





## 21:00 h.
## Nas Rúas

**CLOWNX TEATRE**

CATALUÑA

***ACTIOON***

***Actores:***

**Arnau Monclús, Mónica García, Jordi Gilabert, Joan Sors.**

***Dirección:***

**Cloownx Teatre.**

***Espectáculo de accións na rúa***

**Catro personaxes chegados de distintos lugares atópanse para facer un percorrido pola vila cun único obxectivo: Encontrar os actores ideais para filmar unha película.**

VENRES

MOSTRA TEATRO 2007 15/6/07 18:13 Página 34
























## 23:00 h.
## Auditorio Municipal

### LOS EXCENTRICOS
CATALUÑA

### *MÚSICA MAESTRO*

***Interpretes:*** **Marceline, Silvestre e Zazá**
***Dirección:*** **Los Excéntricos**

***Los Excéntricos*** **forman un trío de pallasos atípicos, sorprendentes, innovadores, poéticos e surrealistas. Despois de máis de vinte anos de carreira e xiras por todo o mundo, renovan a figura do clown sen afastarse da tradición.** ***Música Maestro*** **é unha mestura sutil de modernidade e clasicismo que procura novas perspectivas. O talento, o bo gusto musical e a expresión xestual fan de** ***Música maestro*** **un espectáculo prodixioso e sorprendente, dirixido ao corazón e á intelixencia, e o seu eco perdura na memoria dos espectadores encantados.**

VENRES

SÁBADO



12:00 h.
Casa da Cultura

## TEATRO DEL NORTE

ASTURIAS

### *LOS PRINCIPIOS DEL ACTOR*

**"Los principios del actor "está dentro do "museo" de Teatro del Norte. Corpo, Emoción e Voz son amosados por separado como as armas de que dispón o actor para o seu traballo."Pode haber teatro sen voz pero non sen emoción e sen corpo"**

**Director :Etelvino Vazquez**
**Interpretación:Etelvino Vazquez**

SÁBADO



Clara Campoamor

## Xornada adicada á muller

20:30 h.
Salón de plenos do Concello

**Lectura dramatizada sobre a defensa do voto feminino de Clara Campoamor**

***Interpretes:*** **María Xosé Queizán, Casilda García, Berta Ojea, Antonio Durán Morris, Xavier Picallo, Afonso Becerra de Becerreá, Luís Hidalgo, Ricardo Solveira, Antón Lamapereira, María Armesto, Mónica Bar, Rosa Mª Rodríguez Fernández**

**Guión elaborado por Mª Xosé Queizánque recrea históricamente as diferentes intervencións que houbo no Parlamento da República sobre a defensa do voto feminino defendido por Clara Campoamor.**

SÁBADO



Espectáculo Patrocinado por

FRIGORÍFICOS DEL MORRAZO S.A.





23:00 h.
Auditorio Municipal

## CIA MAITE MERINO

MADRID

## LOS MONÓLOGOS DE LA VAGINA

**_Con:_ Maite Merino, Fanny Condado, María José Gil**

**_Dirección:_ Antonia García**

**"Estaba preocupada polas vaxinas. Estaba preocupada polo que pensamos das vaxinas, e aínda máis preocupadada polo que non pensamos nelas... Así que decidín falar con mulleres sobre as súas vaxinas, facer entrevistas, que se converteron en "monólogos da vaxina". Falei con mulleres vellas, mulleres novas, mulleres casadas, mulleres solteiras, lesbianas, profesoras universitarias, actrices, executivas, traballadoras do sexo... Ao principio non querían falar, pero unha vez que arrincaban, non podía paralas"**

**Esta producción obtivo tres nominacións aos premios do Público de Barcelona 2004, como Mellor Obra, Mellores Actrices, e Mellor Dirección.**




24:30 h.
Salasón

## THE COMBO ROXO

GALICIA

### *FOLK&ROLL VODEVILLE*

*Con:* Patri González, Suso Cortegoso, Franjo Gómez, Toni Monroi

*Folk and Roll vodeville* é o primeiro espectáculo da compañía, composta por músicos e actores, cómicos todos eles. Rouban descaradamente acordes de vellas e belas cancións de xente como Springsteen, os Stones, Seeger, Gallagher, etc..., e trócanlle as letras enchéndoas de frivolidade e comicidade, "cun pouco de mala uva".

Un total de dez cancións, nas que se contan historias de bares, de drogadición, de sexo, de inmigración ou de algún persoeiro da escena política.

As "devanditas" cancións forman parte duns desatinados e delirantes "esque-ches" que tamén son o fío condutor deste espectáculo.

Entrada 2 €

# Actividades Paralelas

16:30 h.

De martes a sábado

Salasón

***CAFÉ - COLOQUIO - TEATRO***

**Xente da música,**
**do teatro e da danza**
**de Cangas ofrecerán**
**os seus traballos polas**
**rúas e prazas.**

Os días e horas das actuacións anunciaranse con antelación.

CURSO:

## PALABRAS OU PRESENZA
(O "SIGNO ACTORAL")

Impartido por: ETELVINO VÁZQUEZ (Teatro del Norte)
Tres elementos compoñen o "Signo Actoral":
Corpo , Emoción e Voz
1) Estudo do Corpo en situación de representación.
2) Estudo da Emoción en situación de representación.
3) Estudo da Voz en situación de representación.
Os/as alumnos/as traerán roupa e calzado adecuado para traballar.
Traerán aprendida de memoria unha pequena poesía.
Datas: do 3 ó 6 de xullo de 2007.
Horario: de 11:00 a 14:00 horas.
Custo: 50 Euros.
Inscripción: Para facer efectiva a inscripción é necesario enviar cuberta a ficha que figura a continuación a:
Mostra Internacional de teatro (cursos)
Centro Municipal de Benestar Social,
Rúa Andalucía , 3 baixo, 36940 Cangas
Antes do 27 de xuño de 2007
Xunto con copia do ingreso da matrícula na conta de:
CAIXANOVA 2080 0208 00 0040002543

Nome:......................................................................

Enderezo: ......................................................................

Localidade: .................................. Teléfono: ..................................

¿Pertence a algún grupo de teatro? ..................................

¿A cal ?......................................................................

# PROGRAMA

## DA

## XXIV MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO CÓMICO E FESTIVO DE CANGAS



**www.xiria.org/mostra**

CURSO:

## ESCRITA TEATRAL

**Impartido por:** MANUEL LOURENZO

**Programa**

1. LINGUAXE. PROCESOS
2. AS FORMAS. AS FUNCIÓNS
3. TEATRO E MUNDO
4. OBRADOIRO

Datas : 4,5, e 6 de xullo de 2007.

Horario: 16:30-20:30 horas

Custo: 50 euros

**Inscripción**

Para anotarse será necesario enviar cuberta a ficha que figura a continuación a: Mostra Internacional de teatro (Cursos)-Centro Municipal de Benestar Social, Rúa Andalucía , 3 baixo, 36940 Cangas (Pontevedra) , antes do 27 de xuño de 2007, xunto con copia do ingreso da matrícula na conta de :

CAIXANOVA 2080 0208 00 0040002543

.......................................................................................................................

Nome:........................................................................

Enderezo: ....................................................................

Localidade: ............................ Teléfono: ............................

¿Pertence a algún grupo de teatro? ............................

¿A cal ?.......................................................................


XXIV
Mostra Internacional
de
TEATRO
Cómico
e
festivo
Cangas do
Morrazo
do 2 ó 7 de xullo 2.007